FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2020

A propósito de Rosalía

Alfredo Conde

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

A propósito de Rosalía

Alfredo Conde

Recordo ir mercar "La Noche" segundo o serán ía caendo. Tratábase dun xornal vespertino que logo se ía ir transformando en "El Correo Gallego" e que unhas veces ía mercar á estación vella do tren, onde tamén acudía os sábados a mercarlle ó meu pai "La España de Tanger", un periódico que non sei como chegaba ata alí, dende un lugar tan distante e alleo, traendo novas que nos demais xornais nin sequera se mentaban.

Outras veces ía buscala ó quiosco de Manolo, próximo ó edificio de Correos, enfronte do que permanecía sentado Callón, un tolleito que vendía dende caixas de mistos e papel de fumar, ata outras cousas que ofrecía logo de convidar ós nenos a se arredar del: hai pedras de acendedor, chisqueiros, papel de fumar... *gomitas para el pipi*...!, salmodiaba. Logo sorría deixando asomar un dente cairo por embaixo dun beizo que sempre agachaba un ricto amargo.

Outras veces máis ía mercar "La Noche" ó quiosco que había un pouco máis embaixo, onde a rúa da Oliva e maila de Riestra se encontraban, o quiosco de Sebastián, que estaba xusto en fronte da farmacia do meu tío Pepe, irmán do meu pai, na que Sebastián adquiría os preservativos que logo revendía no seu establecemento cun pequeno sobreprezo incluído en aras do desprazamento levado a cabo polo simple feito de ter que cruzar a rúa da Oliva en estrita liña recta. Razón non lle faltaba.

Naqueles tempos facerse cun preservativo era algo hoxe inimaxinable polas dificultades que encerraba. Carlos Casares adoitaba contar a cerca dun ministro, do que non recordo o nome, que nunha entrevista falara de que, dende que el chegara ó ministerio, as estatísticas indicaban que descendera nun noventa e sete por cento o índice de masturbacións, medrara nun setenta e oito o número de almas que pasaran directamente ó Purgatorio, descendera o de condenados ó inferno, o de adulterios e malos pensamentos e así seguido ata a desesperación ou a gargallada. Mesmo máis tarde, xa Galicia instalada no Parlamentarismo autonómico, un reputado socialista vigués que acabaría no BNG, gran persoa por certo, afirmaba ter herdado unha fábrica de produtos plásticos cando do que era propietario era dunha fábrica de preservativos conceptuados como de alta gama, gran calidade e seguridade cualificable como excelsa.

Así eran aqueles tempos nos que eu chegaba ás veces ata o quiosco de Sebastián, mercaba "La Noche", cruzaba a rúa e xa na rebotica do meu tío buscabamos xuntos a páxina na que se informaba dos avances da subscrición pública de diñeiro pra afrontar a compra e restauración da Casa de Rosalía.

Meu tío era un anglófilo de corazón, moito máis que galeguista, condición esta que delegaba no meu pai; que si o era dende o 1 de xaneiro do 1932, data de incorporación que figuraba, e figura, no carné número 617 do Partido Galeguista asinado por Alexandre Bóveda que eu conservo hoxe debida e celosamente enmarcado no meu estudio.

Meu tío algún pecado faría, probablemente o da venda de condóns, porque as miñas primas, dunha inmarcesible beleza as dúas segundo afirmaban as crónicas de sociedade da época, acabarían casadas con dous oficiais dunha Armada que, máis que española era franquista, ferindo así o democrático entender da convivencia entre os humanos que profesaba o meu tío Pepe.

O meu tío seguía comigo a marcha daquela subscrición pública que non sei se entraría a formar parte das estatísticas manexadas ben polo señor ministro ou ben polo Anxo da Garda, chamado Marcelo, que, moito tempo despois, xa en democracia, se ocuparía en axudar a aparcarlle o coche a outro señor ministro que seica fora ver a luz a Las Vegas, caendo da burra coma un Paulo de Tarso calquera; axudándolle a aparcar o coche e é de supor que axudándolle tamén a elaborar outras estatísticas das que tampouco se debera gabar moito.

Regresaba á casa con «La Noche» e co coñecemento, previo ó do meu pai, de como ía en aumento o pedimento popular a prol da restauración da casa na que morrera Rosalía, non sen antes pedir que a incorporaran pois quería facelo contemplando o mar pola derradeira vez na súa vida.

Eu aprendera dende ben cedo que se podía escribir no mesmo idioma no que meu pai nos falaba grazas ós poemas de Rosalía reproducidos naquela vella edición de Aguilar que me debeu quedar nunha das bibliotecas que o meu vivir, algo atafegado de máis, me fixo ir deixando atrás. E aprendérao ben. Meu pai, que morreu no 67 do pasado século, gardaba as cartas que eu lle escribín dende o meu internado ourensán, nun galego tan ben surtido de apóstrofos como o que lía nos versos de Rosalía e que eu xa manexaba ós dez anos da miña vida. Cando eu morra se alguén quere remexer nos meus papeis na busca desas miñas cartas escritas en galego nos anos cincuenta do pasado século que antes pida permiso.

Eu veneraba a Rosalía, e así sigo facéndoo dende neno. O que non obstou pra que fixera meus aqueles versos de Pimentel: «Non convén chorar máis, / ela chorou por todos e pra sempre./ Calemos» de xeito que cando o chorado Agustín Sixto Seco me propuxo –nuns tempos moi difíciles pra min en razón de causas que xa non paga a pena recordar– formar parte do Padroado Rosalía de Castro, como membro do consello asesor, aceptei, por que non dicilo, non sei se tan agradecido como emocionado ou tan emocionado como agradecido. En todo caso moito e sobremaneira en calquera das dúas opcións. Sentinme honrado.

Acabei dimitindo. Dous padroneses membros tamén do padroado, non recordo se xa reconvertido en fundación, acudiron á miña casa a me contar polo miúdo a situación do que sucedía no seu seo e o momento contable no que se atopaba a súa administración.

Eu tivera algo que ver coa elección da nova presidencia que seguira ó pasamento de Agustín Sixto, nun pleno de alta tensión entre dúas partes enfrontadas, e podo recordar que a miña intervención serenou os ánimos e propiciou a elección de quen habería suceder ó meu chorado amigo.

Cando os dous padroneses, os dous de apelidos coñecidos, acudiron á miña casa en demanda de apoio e co gallo de me fornecer de información, eu algo sabía da Lei que rexía as Fundacións e algo recordaba dos meus tempos á fronte da consellería de cultura; entre eses recordos figuraban as porcentaxes das subvencións públicas que limitaban a distribución das mesmas no seo das fundacións; por non ser exhaustivo, se daquela a fundación recibía poñamos que cento cincuenta mil euros de subvención anual, case que cen mil deles eran pró persoal administrativo e xerencial; o que sobordaba en moito os límites establecidos e situaban á fundación nunha posición administrativa e legal difícil de soster.

Cando así o expuxen no pleno celebrado ó efecto, a resposta recibida foi a de me acusar de quererme facer coa presidencia, algo que non estivera nin por un instante na miña mente e que si tiña, en cambio, algunha relación con algo que por suposto eu

non comentara, porque calara a miña sospeita de que os dous padroneses o que viñan buscando era a substitución da presidenta polo actual presidente da fundación; dous padroneses que, tamén é bo recordalo, non volveron pola miña casa, nin volvín saber deles... nin da fundación dende o momento no que redactei e enviei a miña dimisión

Cando nese pleno fun acusado de me querer facer coa presidencia, entendín que o único xeito de deixar ben claro que nunca tal idea pasara pola miña cabeza era renunciar á miña condición de membro da fundación, co que deixaría de ser candidato a ela dun xeito fulminante. E así o fixen. Dimitín. Hai diso non sei xa cantos anos. Pero sigo venerando a Rosalía e amando a súa obra literaria, sigo amando a miña lingua e escribindo nela. Estou convencido de que algo levo feito a prol das dúas.

Alfredo Conde
Casa da Pedra Aguda, 9 do mes de santos do 2020.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Santiago de Compostela

CONCELLO DE SANTIAGO

CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO